

**Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional
Rede de CIFP**

Modelo MD71ACP02

Guía do PAS de nova incorporación

CIFP Politécnico de Santiago

Curso: 2025 - 2026

Índice

1	Introdución	3
2	Información xeral do CIFP	4
3	Organigrama do CIFP	7
4	Política de calidade	8
5	Resumo do procedemento de acollemento do persoal	11
6	Normas xerais de funcionamento	11
7	Planos do CIFP	12
8	Plan de autoprotección	15
		18

1 Introdución

A presente guía é un dos documento do sistema de xestión de calidade dos Centros Integrados de Formación Profesional de Galicia. Está elaborada segundo o modelo MD71ACP02, dentro do procedemento PR71ACP acollemento do persoal.

Os seus obxectivos fundamentais son, proporcionar ao persoal de nova incorporación toda a información que pode resultar de interese e axudar á unha rápida e fácil integración no CIFP, ademais de permitirnos darlle a benvida e desexar que a estancia entre nos resulte agradable e frutífera.

Un afectuoso saúdo

O director

Nicolás Espasandín Gerpe

2 Información xeral do CIFP

Cargos directivos

Cargo	Nome
Director/a	Nicolás Espasandín Gerpe
Vicedirector/a	José Manuel Carbia Pichel
Secretario/a	José María Campa Barcia
Xefe/a de estudos	Miguel Ángel Teira Patiño

Alumnado: O centro conta neste curso con 1475 alumnos matriculados en 65 grupos.

Profesorado: O centro conta cun total de 128 profesores ao inicio do curso.

Persoal PAS: 3 persoas en administración.

4 subalternos / as.

6 persoal de limpeza.

1 interprete de signos.

1 auxiliar de conversa.

15015767 - CIFP Politécnico de Santiago



881867601



cifp.politecnico.santiago@edu.xunta.ga



881867638



CIFP Politécnico de Santiago

Rúa Rosalia de Castro, 133



Latitude: 42.870291

Lonxitude: -
8.555657



15706, Santiago de Compostela
A Coruña

Pode consultar os ficheiros pdf coa oferta para o curso 2025/2026 de ciclos formativos polo réxime ordinario —grao profesional básico, grao medio e grao superior—, a oferta modular polo réxime de persoas adultas nas modalidades presencial e a distancia, a oferta de prazas da formación profesional dual, a oferta de cursos de especialización e a oferta de programas formativos de formación profesional básica, na seguinte ligazón.

Nas seguintes pestanas pode consultar a **oferta FP sostida con fondos públicos** deste centro educativo para o curso 2025/2026.

Oferta de ensinanzas de FP


- A oferta formativa para o curso 2025/2026 pódese consultar en:
<https://www.edu.xunta.gal/fp/centro/15015767#oferta>

Calendario escolar 2025/2026


CIFP Politécnico de Santiago, calendario escolar do curso 2025-2026

Setembro 2025							9
Luns	Mar.	Mér.	Xov.	Ven.	Sáb.	Dom.	
1	2	3	4	5	6	7	36
8	9	10	11	12	13	14	37
15	16	17	18	19	20	21	38
22	23	24	25	26	27	28	39
29	30						40
							41
							42
							43
							44
							45
							46
							47
							48
							49
							50
							51
							52
							53
							54
							55
							56
							57
							58
							59
							60
							61
							62
							63
							64
							65
							66
							67
							68
							69
							70
							71
							72
							73
							74
							75
							76
							77
							78
							79
							80
							81
							82
							83
							84
							85
							86
							87
							88
							89
							90
							91
							92
							93
							94
							95
							96
							97
							98
							99
							100
							101
							102
							103
							104
							105
							106
							107
							108
							109
							110
							111
							112
							113
							114
							115
							116
							117
							118
							119
							120
							121
							122
							123
							124
							125
							126
							127
							128
							129
							130
							131
							132
							133
							134
							135
							136
							137
							138
							139
							140
							141
							142
							143
							144
							145
							146
							147
							148
							149
							150
							151
							152
							153
							154
							155
							156
							157
							158
							159
							160
							161
							162
							163
							164
							165
							166
							167
							168
							169
							170
							171
							172
							173
							174
							175
							176
							177
							178
							179
							180
							181
							182
							183
							184
							185
							186
							187
							188
							189
							190
							191
							192
							193
							194
							195
							196
							197
							198
							199
							200
							201
							202
							203
							204
							205
							206
							207
							208
							209
							210
							211
							212
							213
							214
							215
							216
							217
							218
							219
							220
							221
							222
							223
							224
							225
							226
							227
							228
							229
							230
							231
							232
							233
							234
							235
							236
							237
							238
							239
							240
							241
							242
							243
							244
							245
							246
							247
							248
							249
							250
							251
							252
							253
							254
							255
							256
							257
							258
							259
							260
							261
							262
							263
							264
							265
							266
							267
							268
							269
							270
							271
							272
							273
							274
							275
							276
							277
							278
							279
							280
							281
							282
							283
							284
							285
							286
							287
							288
							289
							290
							291
							292
							293
							294
							295
							296
							297
							298
							299
							300
							301
							302
							303
							304
							305
							306
							307
							308
							309
							310
							311
							312
							313
							314
							315
							316
							317
							318
							319
							320
							321
							322
							323
							324
							325
							326

HORARIO DO CIFP POLITÉCNICO DE SANTIAGO



3 Organigrama do CIFP





4 Política de calidade

Presentámosche a nosa política de calidade e convidámoste a participar coa túa opinión a través da caixa de suxestións. Contribuirás deste xeito á mellora do noso sistema de xestión da calidade.

Os Centros Integrados de Formación Profesional do Sistema Educativo de Galicia, teñen unha implicación e compromiso claro coa calidade como se retrata na nosa Misión, Visión e Valores.

Misión

A nosa Misión descríbese nos seguintes puntos:

- A cualificación e a recualificación das persoas ao longo da vida, mediante o establecemento dunha oferta de formación profesional modular, flexible, de calidade, e adaptada as demandas da poboación e as necesidades xeradas polo mundo produtivo.
- Cando proceda, no marco do Sistema nacional das cualificacións e da formación profesional, a contribución a avaliación e a acreditación de competencias profesionais adquiridas polas persoas a través da experiencia laboral e de vías non formais de formación, promovendo así a valoración social do traballo.
- A prestación dos servizos de información e de orientación profesional as persoas para tomar as decisións máis axeitadas respecto das súas necesidades de formación profesional en relación co ámbito produtivo en que se desenvolvan.
- O establecemento dun espazo de cooperación entre o sistema de formación profesional e o ámbito produtivo sectorial e local, para desenvolver e estender unha cultura da formación permanente, contribuíndo a prestixiar a formación profesional.
- O fomento da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, con especial incidencia na erradicación de prexuizos.
- A facilitación do acceso da mocidade ao primeiro emprego, así como da conservación e a mellora do posto de traballo dos traballadores e das traballadoras, mediante unha oferta formativa de calidade que promova a aprendizaxe permanente e a capacidade de adaptación aos cambios sociais, organizativos e tecnolóxicos que se manifestan nos sectores produtivos da nosa comunidade.
- O impulso e mellora das aptitudes e das competencias do alumnado, promovendo proxectos de mobilidade, perfeccionamento profesional e cooperación, nun contexto europeo.

Visión

Como Centros Integrados de Formación Profesional daremos unha formación integral ao noso alumnado que lle facilite a participación activa e responsable como cidadáns, para o que ofreceremos unha oferta formativa completa e de calidade que conduza a obtención de títulos de formación profesional e a acreditación das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral nos distintos subsistemas de formación profesional, atendendo as necesidades –en constante evolución e cambio– que demanda o mercado de traballo do noso entorno, consolidando vínculos con todas as empresas do sector así como ofrecendo unha



formación integral os nosos alumnos/as que lles facilite a participación activa e responsable como cidadáns.

Valores

Por isto, orientamos as nosas accións para:

- Fomentar valores de convivencia, cooperación e respecto.
- Ofrecer uns servizos educativos de calidade a comunidade educativa de cada Centro Integrado de Formación Profesional.
- Mellorar continuamente a calidade dos servizos prestados, a través da innovación e o traballo en equipo, para crear valor os nosos usuarios mediante un sistema de calidade total.
- Lograr a satisfacción da comunidade educativa buscando atender as súas necesidades e adiantándonos as súas expectativas, observando o cumprimento da misión, visión e valores da institución.
- Ofrecer as cualificacións profesionais requiridas para dar resposta as necesidades e demandas do noso ámbito produtivo.
- Optimizar os recursos públicos dispoñibles, fundamentados nas novas tecnoloxías, para reproducir procesos produtivos respectuosos co medio e coa prevención de riscos laborais, cun profesorado axeitadamente formado tanto na didáctica coma nas innovacións técnicas.
- Fomentar o espírito emprendedor e o desenvolvemento de actividades empresariais.
- Contribuír ao logro das actuacións e obxectivos de calidade establecidos no Plan Estratéxico da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Desenvolver vínculos co sistema produtivo do contorno (sectorial, comarcal ou local) nos ámbitos seguintes:
 - Formación do persoal docente de formación profesional (mediante estadias en empresas punteiras).
 - Formación do alumnado en centros de traballo e realización doutras prácticas profesionais.
 - Orientación profesional e laboral.
 - Participación de profesionais do sistema produtivo na implantación de docencia (expertos e expertas).
 - Colaboración na detección de necesidades de formación permanente dos traballadores e traballadoras así como a informar e orientar as persoas usuarias, tanto a título individual como colectivamente, para facilitar o acceso, a mobilidade e o progreso nos intercambios formativos profesionais, en colaboración cos servizos públicos de emprego.

Esta Política de Calidade, servirá de marco de referencia para establecer e revisar o Plan Estratéxico e os Obxectivos de calidade.

Será revisada como mínimo anualmente nas reunións de revisión pola Dirección dos CIFP de Galicia para verificar a súa adecuación a forma real de traballo dos Centros Integrados de Formación Profesional do Sistema Educativo de Galicia.

Co fin de que sexa coñecida por todo o persoal dos centros, a Política de Calidade será expostas publicamente nas instalacións dos CIFP e divulgada publicamente por calquera outro medio.

Ligazón á Política de Calidade na web do Centro:

<https://politecnicodesantiago.es/gl/politica-de-calidade>

5 Resumo do procedemento de acollemento do persoal

TÁBOA RESUMO DO PROCEDEMENTO DE ACOLLIDA DO PAS NO CIFP POLITÉCNICO DE SANTIAGO

Actividade	Responsables	Recursos	Calendario	Rexistro
Recepción pola dirección: Director e/ou secretario Recepción PAS <ul style="list-style-type: none"> ◆ Recepción e acollemento inicial. ◆ Cumprimentación da documentación en Secretaría ◆ Información xeral ◆ Entrega guía nova incorporación ◆ Información sobre espazos, instalacións e material ◆ Visita as instalacións 	<ul style="list-style-type: none"> ◆ Director ◆ Secretario ◆ Equipo Directivo 	<ul style="list-style-type: none"> ◆ Guía do PAS de nova incorporación (MD71ACP02) ◆ Horario ◆ Entrega de material 	<ul style="list-style-type: none"> ◆ Día da incorporación 	<ul style="list-style-type: none"> ◆ Ficha de alta do novo persoal (formato libre) ◆ Aplicación informática de xestión ◆
Seguimento e avaliación	<ul style="list-style-type: none"> ◆ Director ◆ Secretario 	<ul style="list-style-type: none"> ◆ MD71ACP04 Xustificante de acollemento de PAS 	<ul style="list-style-type: none"> ◆ Tras cada incorporación 	<ul style="list-style-type: none"> ◆ MD71ACP04 Xustificante de acollemento de PAS ◆ Informe final de valoración de desenvolvemento do proceso (formato libre).


6 Normas xerais de funcionamento


A normativa principal dos CIFP, está recollida no Decreto 77/2011 do 7 de abril, polo que se establece o Regulamento orgánico dos centros integrados de formación profesional competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e na Orde do 29 de xullo de 2011, que o desenvolve, e a Orde do 29 de xullo de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 77/2011, do 7 de abril, polo que se establece o Regulamento orgánico dos centros integrados de formación profesional competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Tamén hai que ter en conta as Normas de Organización e Funcionamento “NOF”, do centro.


Outras normas de interese son: a Lei 2/2015, do 29 de abril, do empregado público de Galicia. e o V convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia

7 Planos do CIFP





Zonas de limpeza




8 Plan de autoprotección

Ao longo do curso proporcionarase a todo o alumnado e profesorado, as normas básicas sobre o plan de autoprotección.

En caso de necesidade de evacuación do centro, todo o alumnado seguirá as instrucións do persoal responsable da instalación na que se atope.

Incorpóranse a esta guía unha copia dos planos de evacuación que se atopan en distintos lugares do centro para facilitar, de xeito ordenado, e seguro, o abandono das instalacións, e o posterior agrupamento no punto de encontro.



9 Actuacións de emerxencia con carácter xeneral

Protocolos de actuación con carácter xeral para as situacións de emerxencia

En termos xerais, cando se produza un sinistro ou situación de emerxencia, débese seguir as seguintes instrucións:

- Manter a calma e estendela aos demais, avisar mediante teléfono a emerxencias (Chamar a Dirección de emerxencia e que esta chame aos Bombeiros, Policía ou Servizo de Ambulancias máis próximos).
- Infundir a máis absoluta confianza e calma a todas cantas persoas teñamos arredor.
- Impedir calquera situación de pánico.
- Se ten que saír por unha escaleira por onde baixan outras persoas, incorpórese pola zona central e apoiese nos compañeiros/as que vaian suxeitos o pasamáns (sexa collidos da mano u apoiándose neles). Pouco a pouco vaiase incorporándose a fila preto do pasamáns sin deter a marcha da fila.
- Non correr riscos inútiles.

En caso de emerxencia, non perda tempo:

- Se se saben aplicar primeiros auxilios, aplicar os coñecementos ao persoal afectado. Se non se sabe aplicar os primeiros auxilios, chamar a unha ambulancia.
- Ao comparecerse os grupos de actuación Bombeiros, Ambulancias, Policía, seguir as súas instrucións.
- Seguir estritamente as indicacións proporcionadas polos servizos de axuda solicitados.

Protocolo de actuacións: INCENDIO

Relación secuencial das actuacións para facer fronte as situacións de risco de esta natureza.

En caso de incendio:

- Non actuar. Avisar á Dirección do Centro para que está comunique o aviso a todos os ocupantes do edificio segundo o protocolo indicado neste Plan de Autoprotección.
- Valorando a importancia do incendio con realismo e valorando a dificultade de actuar cun equipo propio. En caso de non actuar chamar ao servizo de bombeiros máis próximo.
- Soamente se o incendio é pequeno ou está moi localizado, procure apagalo cos medios ao seu alcance e, se é posible non o faga só. Afaste os obxectos que poidan propagar o lume (cortinas, mobles, papeis, etc...).

Valorar o tipo de lume: (A) Sólido, (B) Líquido (C) Gas, para actuar correctamente:

- Se dispón dun extintor de incendios (preferiblemente de auga ou po ABC), utilíceo. Se non dispón de extintor proceda conforme aos puntos seguintes.
- Se arde un sólido que non é de gran tamaño, intente apagalo golpeándoo cunha vasoira mollada, tapándoo cunha manta.



- Se é un produto líquido o que arde, sufocar con trapos mollados. Non utilizar auga para apagar un incendio se se poden alcanzar cables ou aparatos eléctricos que estean baixo tensión.
- Se arde un escape de gas, cortar o paso coa chave. Nunca intentar apagar a chama directamente.
- Se está próximo a unha instalación de gas, peche o antes posible a chave de paso. Se hai bombona de butano, afástea do foco o máximo posible.
- No caso de que ardan líquidos, tapar con mantas, NUNCA tirar auga que pode salpicar e propagar o incendio.
- Evitar as correntes de aire xa que osixenan as chamas e animan a combustión.
- Peche a porta do cuarto onde se produciu o lume, pero antes evacúe o cuarto. Se a porta está moi quente, non a abra. Pode achegar osíxeno e incrementar o incendio. Utilice auga para arrefriala e tape as posibles entradas de fume con trapos mollados. Se se lle prende a roupa a unha persoa facelo rodar polo chan e cubriilo cunha manta. Se se dispón de auga, mollalo.
- Se o lume está dentro dun recipiente, tapalo co fin de sufocalo por extinción de achega de aire.
- En caso de quedar atrapado no interior do local, facerse ver pola ventá. Non propagar rumores ou informacións esaxeradas sobre a situación.
- En caso de quedar atrapado no interior do local, facerse ver pola ventá.
- Se ten que apagar o lume recorde que se vai utilizar auga, ANTES DEBE DE CORTAR O SUBMINISTRO ELÉCTRICO DA ZONA, EQUIPOS, etc. onde vai votar a auga.

En caso de evacuación:

- Se o incendio se produciu nun piso superior, pode proceder á evacuación do edificio baixando os pisos pola escaleira, NUNCA POLO ASCENSOR. Se existen persoas discapacitadas, deberán ser evacuadas sempre coa axuda de persoas do grupo de evacuación ou outras persoas e pola escaleira.
- En casos nos que non sexa posible a evacuación, situarse no lugar máis baixo do edificio.
- Se intenta saír primeiro tentee as portas co fin de evitar queimaduras cos pomos. Tóqueos cos cotenos dos dedos.
- Non saia polas ventás nin intente descolgarse mediante sabas ou mantas.
- Durante o percorrido da evacuación achéguese á parede para desaloxar o edificio.
- Tápese a boca e nariz con trapos húmidos co fin de evitar a inhalación de fumes.
- Se a vía de escape ten fume, agáchese e vaia a gatiñas polo percorrido.
- En caso de prenderse a roupa, non rode polo chan, tápese con mantas para apagar as chamas da roupa.
- Recorde non retroceder no medio da evacuación para recoller obxectos persoais.
- Evacuar a través do percorrido máis seguro, con calma e serenidade. Nunca dar volta atrás no percorrido. Camiñar á présa pero sen correr. Non berrar.

- Dirixirse o Punto de Encontro.

Protocolo de Actuacións: EXTINCIÓN DO LUME

- Descolgar o extintor.
 - Acceder rapidamente ao punto de situación dos extintores (que deberán estar sinalizados) e retirar o extintor.
 - Comprobar antes que está indicado para o tipo de lume:

Lumes Tipo A	Materiais Sólidos (papel, cartón tela, etc...)
Lumes Tipo B	Materiais líquidos (Gasolinas, aceites, etc...)
Lumes Tipo C	Produtos gaseosos (Butano, Propano, etc...)
Lumes Tipo D	Produtos metálicos (Aluminio, etc...)



- Sen accionalo, dirixirse rapidamente ás proximidades do lume.



- Preparar o extintor segundo as instrucións indicadas na etiqueta do propio extintor, que xeralmente son:
 - Retire a argola do precinto.
 - Deixando o extintor no chan, colla coa man esquerda a pistola ou boquilla de descarga e a asa de transporte, simultaneamente, inclinando un pouco cara a adiante.

- Coa man dereita quite o precinto, tirando do pasador cara a fóra.
- Se o extintor é de presión exterior, prema o percusor do botello de gas.
- Premer a panca de descarga para comprobar que funciona o extintor.
 - Dirixir o chorro do extintor á base do obxecto que arde ata a total extinción ou o esgotamento do contido do extintor.



- A distancia á que se debe disparar a un conato de incendio é duns 3 metros, cara á base do lume e non ás chamas.
- En caso de estar ao aire libre, debe colocarse a favor do vento.
- Se se utiliza un extintor de Neve Carbónica, a distancia de achegamento ao conato de incendio será duns 2 m para logo avanzar cara ao lume.

Proceso para poñer en disposición operativa o extintor:

- Tirar da caravilla.
 - A caravilla do precinto de seguridade deberá ser retirada.
 - En certos extintores hai que soltar unha trabe, oprimir unha panca de picada ou facer algunha medida inicial distinta.



- Apuntar cara a abaixo.
 - Apunte a boquilla do extintor (ou a súa trompa ou manguera) á base do incendio.



- Premer a panca.
 - Isto descarga o axente extintor sobre o obxectivo previamente apuntado.



- Esparexer e encher a base das chamas de lado a lado.
 - Deberá apuntar o extintor á base do incendio e de atrás cara a adiante e de lado a lado encher a base das chamas ata que pareza estar extinguido.
 - Observe a área ou a zona do incendio. Se volven xurdir chamas, repita o proceso.



Protocolo de actuacións: TERREMOTOS

Relación secuencial de actuacións para facer fronte as situacións de Risco de esta natureza.

É importante recordar que Santiago de Compostela se encontra nunha zona sísmica, polo que non debe de descartarse este risco.



Cando comeza un terremoto:

- Busque refuxio baixo un escritorio ou unha mesa. No caso de que a mesa se desprace co movemento, trate de moverse con ela.
- As paredes internas e os marcos das portas, tamén serven de protección contra os obxectos que caen durante o terremoto. Se non hai protección no lugar onde se encontra, acuda a unha esquina interna ou unha porta afastada de ventás e cristais.
- Apártese dos obxectos de vidro, lámpadas, ventás etc..., e en xeral de cousas que lle poidan caer enriba, tales como mobiliario, lámpadas, estantes, etc.
- Non fuxir precipitadamente durante a sacudida cara á saída. Exponse ao perigo que presentan materiais e obxectos desprendidos (vidros, bloques, anacos de formigón, lámpadas, etc..).
- Se as luces se apagan (o normal é que a subministración eléctrica se interrompa) utilice unha lanterna.
- Non use nunca velas nin mistos para iluminarse, por perigo a que puidese haber unha fuga de Gas e producirse unha explosión.
- Se queda atrapado, quédese dentro do edificio ata que vaian rescatalo, non intente saír, posto que nos intentos moita xente resulta ferida.
- Se non está dentro do edificio, afástese del e dos cables de subministración eléctrica.



Unha vez pase o terremoto:

- Inspeccione as caldeiras, as paredes con gretas, as portas e ventás do exterior chemineas no caso de que as houbese.
- Teña precaución ao abrir armarios e revisar os estantes, algúns obxectos puideron quedar en posición inestable.
- Revisar a instalación de saneamento e as baixantes do edificio antes de abrir as chaves de paso da auga ou facer uso da auga. Recorde sempre que poden haber fugas e a auga potable chegar contaminada, polo que se recomenda que para beber só use auga envasada.
- Non toque cables de enerxía eléctrica se están derrubados, avise as autoridades.
- Manteña as liñas de teléfonos libres.
- Afástese de zonas defectuosas ou derrubadas do edificio tales como fachadas, paredes, etc.
- Non tratar de mover indebidamente os feridos con fracturas, a non ser que haxa perigo de incendio, inundación, explosión, etc.
- Se se detecta risco de derrubamento, deberá evacuar canto antes o edificio.

Recorde sempre que un Terremoto pode ir acompañado de réplicas, que en ocasións alcanzan igual magnitude.

En caso de evacuación:

- Permanecer en calma e non caer presa do pánico.
- Escoitar atentamente as mensaxes e instrucións facilitadas por Bombeiros e Protección Civil.
- **NON UTILIZAR** baixo ningunha circunstancia o ascensor. Se existen persoas discapacitadas, deberán ser evacuadas sempre coa axuda de persoas pola escaleira.
- Non fumar durante a evacuación.
- Evacuar a través do percorrido máis seguro, con calma e serenidade. Nunca dar volta atrás no percorrido. Camiñar á prisa pero sen correr. Non berrar.
- Dirixirse a un lugar exterior seguro, illado e protexido da caída de obxectos.

O derrubamento do edificio co paso dos días, é unha posible consecuencia dos movementos sísmicos.

O edificio afectado na súa estrutura pode chegar a derrubarse total ou parcialmente, nun período de tempo limitado se se producen circunstancias moi extremas.

En canto se produzan os primeiros síntomas de ruxido de paredes, fachadas, chans, teitos, etc. evacúe o edificio comunicándoo aos seus veciños e avise o antes posible as autoridades de Protección Civil e os Bombeiros.

Protocolo de actuacións: NUBE TÓXICA O INFLAMABLE

Relación secuencial de actuacións para facer fronte as situacións de risco de esta natureza.

En caso dun descarrilamento dun tren de mercadorías fronte ao Centro, valorarase a carga por se fose volátil. Nese caso realizarase a saída polas vías de evacuación que non estean na dirección do vento que vén da vía férrea. A Dirección de Emerxencia poderá situar o Punto de Encontro nunha zona diferente á establecida neste Plan de Autoprotección. Tamén se poderá actuar como se indica a continuación.

En caso de exposición a unha nube tóxica:

- Evitar expoñerse ao aire exterior pechando portas, ventás e toda entrada de aire, en especial os sistemas de climatización e ventilación. Canto menor sexa a entrada de aire exterior, máis seguro será o confinamento.
- Se percibe molestias ao respirar, utilizar un pano mollado para filtrar o aire.
- Non fumar, acender velas ou lume en xeral. O aire pode conter produtos inflamables e xerar unha explosión.
- Non saír nin abrir portas ou ventás ata o fin de alerta, aínda que aparentemente cesase a emerxencia.
- Non confinarse en sotos, podería haber unha acumulación de gas tóxico ou inflamable.
- Comer soamente comida enlatada e beber só auga embotellada.

Se se trata dunha nube inflamable:

- Protexer os cristais cunha cruz de fita illante e afastarse de ventás e cristaleiras.
- Baixar persianas e correr as cortinas se as houbese.
- Refuxiarse detrás de mesas tombadas ou mobles como barreira de protección fronte a explosións.

En caso de evacuación:

- Permanecer en calma e non caer presa do pánico.
- escoitar atentamente as mensaxes e instrucións facilitadas por Protección Civil.
- Non levar nada consigo que poida dificultar a evacuación.
- Non fumar durante a evacuación.
- Evacuar a través do percorrido máis seguro, con calma e serenidade. Non pasar entre edificios xa que poden orixinarse túneles de aire. Nunca dar volta atrás no percorrido. Camiñar á présa pero sen correr. Non berrar.
- Dirixirse a un lugar especificado por Protección Civil.

Despois da situación de emerxencia:

- Ventilar todos os locais, unha vez finalizada a situación de emerxencia.

- Consultar con Protección Civil acerca dos produtos alimenticios frescos expostos (patacas, froita, verduras, etc.).
- Consultar con Protección Civil a contaminación de utensilios de cociña expostos (Cazos, pratos, cubertos, etc..).
- Consultar con Protección Civil a contaminación de tecidos, sabas, Cortinaxes, Alfombras, etc.

Protección Civil, en función da natureza do axente tóxico dará información relativa ao tratamento a realizar nos produtos ou elementos expostos á nube tóxica, así como as revisións clínicas ou controis médicos a realizar as persoas expostas.

Protocolo de actuacións: ASFIXIA E/OU OBSTRUCCIÓN DAS VÍAS RESPIRATORIAS

Relación secuencial de actuacións para facer fronte as situacións de risco de esta natureza.

En caso de asfixia por gas ou fume:

- Situar a vítima nun lugar afastado do gas ou fume para respirar aire fresco.
- Controlar as constantes vitais: pulso, respiración e temperatura.
- Asegurar a permeabilidade das vías respiratorias, é dicir a entrada de aire polo nariz e/ou boca.
- Se permanece inconsciente ou respirou substancias tóxicas, trasladar urxente a un centro asistencial. Avisar inmediatamente a unha ambulancia.
- Reavaliar periodicamente e manter a calor corporal.
- Colocar a vítima de lado, para facilitar a saída ao exterior de posibles vómitos.
- Se non respira, realizar a respiración artificial cardiopulmonar.

En caso de obstrución por un obxecto das vías respiratorias (asfixia):

- Intentar extraer cos dedos o obxecto estraño, só no caso de que se poida suxeitar con firmeza para tirar del. Se se manipula inadecuadamente, o obxecto pode encaixarse máis.
- Colocar o paciente nunha mesa, boca abaixo, co torso colgando fóra da mesa e golpear nas costas entre os dous omoplatos. Se o paciente é un neno pequeno pode collese polos pés, cabeza abaixo, e golpear suavemente as costas.
- Avisar inmediatamente un médico ou ambulancia, ou trasladar o paciente ao centro hospitalario máis próximo, se non pode eliminarse doadamente o corpo estraño.
- Vixiar se durante o traslado da vítima adquire unha cor azulada, en cuxo caso será preciso que se lle practique a respiración artificial.

En caso de obstrución das vías respiratorias por auga (afogamento):

- Intentar reanimar a vítima cun procedemento de respiración artificial realizado por quen coñeza algunha das súas técnicas, no caso contrario:
 - Aplicar masaxe cardíaca, en caso de paro, nas mesmas condicións.
 - Continuar a reanimación ata deixar o accidentado en mans do médico.



- Colocar a vítima de costado unha vez recuperada a respiración, por se se produce o vómito.
- Non intentar que se bote a auga antes de restablecer a respiración.

Protocolo de actuacións: EXPLOSIÓN

Relación secuencial de actuacións para facer fronte as situacións de risco de esta natureza.

Ante unha explosión producida no edificio (caldeira de calefacción):

- Evacuar a zona.
- Avisar os Bombeiros.
- Evitar fumar, acender velas, luces de gas e lume en xeral. O aire pode conter produtos inflamables e en consecuencia provocarse novas explosións.
- Manterse no Punto de Encontro, xa que pode danarse a estrutura do edificio e hai unha derruba.
- Ventilar todo o local, unha vez finalizada a situación de emerxencia.

En caso de evacuación do edificio:

- NON UTILIZAR nunca o ascensor.
- Camiñar á présa pero sen correr e AVANZAR pegado á parede.
- NON RETROCEDER en busca de obxectos persoais.
- Non se dirixir ao aparcadoiro de vehículos.
- Facelo a través do percorrido máis seguro, con calma e serenidade. Nunca dar volta atrás no percorrido. Camiñar á présa pero sen correr.

Protocolo de actuacións: ATENTADO TERRORISTA

Relación secuencial de actuacións para facer fronte as situacións de risco de esta natureza.

En caso de evacuación:

- NON UTILIZAR baixo ningunha circunstancia o ascensor. Se existen persoas discapacitadas, deberán ser evacuadas sempre coa axuda de persoas pola escaleira.
- Non fume durante a evacuación.
- Camiñar á présa pero sen correr e AVANZAR pegado á parede.
- NON RETROCEDER en busca de obxectos persoais.
- Non se dirixir ao aparcadoiro de vehículos.
- Evacuar a través do percorrido máis seguro, con calma e serenidade. Nunca dar volta atrás no percorrido. Camiñar á présa pero sen correr. Non berrar.



Protocolo de actuacións: AMEAZA OU AVISO DE BOMBA

Relación secuencial de actuacións para facer fronte as situacións de risco de esta natureza.

En caso de recibir a ameaza de bomba:

- Intentar prolongar a conversación ao recibir a ameaza, tratando de obter a máxima información posible sobre a situación da bomba, forma que ten, cando explotará, que cantidade de explosivo se colocou, que se pretende, etc... A este fin remitímoslle ao Protocolo de Toma de Datos, intentando solicitar tanta información se solicita no devandito protocolo, o cal pode cumprimentalo dende a propia aplicación.
- Poñerse inmediatamente en contacto co 112 comunicando o aviso.
- Non tocar nin mover ningún obxecto sospeitoso.
- Comunicar a situación á veciñanza para que se evacúe o edificio o antes posible.

En caso de evacuación:

- NON UTILIZAR baixo ningunha circunstancia o ascensor. Se existen persoas discapacitadas, deberán ser evacuadas sempre coa axuda de persoas pola escaleira.
- Non fume durante a evacuación.
- Camiñar á présa pero sen correr e AVANZAR pegado á parede.
- NON RETROCEDER en busca de obxectos persoais.
- Non se dirixir ao aparcadoiro de vehículos.
- Evacuar a través do percorrido máis seguro, con calma e serenidade. Nunca dar volta atrás no percorrido. Camiñar á présa pero sen correr. Non berrar.

Protocolo de actuacións: ELECTROCUCIÓN

Relación secuencial de actuacións para facer fronte as situacións de risco de esta natureza.

En caso de electrocución, unha actuación rápida e precisa permitirá salvar a vida do accidentado:

- Se a vítima está en contacto cun condutor en tensión, é preciso separala inmediatamente, tendo en conta que a humidade fai esta operación perigosa.
- Desconectar a corrente eléctrica antes de tocar á vítima. Acceder ao Cadro eléctrico de distribución e interrompela dende este.
- Se non é posible o acceso, utilizar paus, cordas, etc. (calquera material illante que non estea húmido ou mollado) para separar o condutor eléctrico da vítima. Nunca tocar á vítima directamente.
- Se a vítima perdeu o coñecemento, intentar reanimala.
- Mentres tanto deberá solicitarse urxentemente a presenza do equipo médico.
- Se presenta unha parada respiratoria deberá ser atendida inmediatamente para practicarlle unha reanimación cardiopulmonar.

Se a vítima presenta queimaduras:

- O importante sempre en primeiro lugar é reanimar a vítima, sen preocuparse pola queimadura.
- Practicarlle a reanimación cardiopulmonar. Posteriormente tratar as queimaduras eléctricas de modo similar a calquera outro tipo de queimadura.
- Hai que evitar, se a vítima está inconsciente, que se arrefría, cubríndoa con mantas, pero sen interromper en ningún momento a reanimación.

Despois da reanimación:

- Toda persoa electrocutada, aínda que perdese o coñecemento por un curto espazo de tempo e, en xeral, toda persoa que sufrise un accidente eléctrico, debe ser visitada por un médico. Aínda que as lesións sexan mínimas, poden aparecer alteracións tardías (sistema renal, sistema nervioso, sistema auditivo, sistema pulmonar, etc...).

Protocolo de Actuacións: REANIMACIÓN CARDIOPULMONAR R.C.P.

Protocolo de actuacións para a reanimación cardiopulmonar dos accidentados.

Os pasos expostos a continuación para realizar para a reanimación cardiopulmonar R.C.P, realízanse por orde, avanzando unha vez realizado o paso anterior ou en caso de que os diagnósticos sexan negativos.

Si vostede. non é un profesional da medicina, actuando como socorrista e seguindo as indicacións que se detallan, pode salvar a vida dunha persoa.

- Diagnóstico:
 - Observe a vítima e intente estimulala táctil e auditivamente, tomándoa suavemente dos ombros e preguntándolle se se encontra ben.



- En caso de non contestar, xírala e poñela de lado.
 - Para facilitar a saída ao exterior de posibles vómitos.



- Chamar os servizos médicos de urxencia ou no seu defecto ao 112.
 - Solicite a calquera persoa das que lle rodea que busque axuda médica.
 - Vostede, permaneza atendendo a vítima.



- Coa cabeza en hiperextensión, realizar as seguintes funcións:
 - MIRAR a expansión do Tórax
 - ESCOITAR a respiración
 - SENTIR aire nas miñas meixelas




- Insuflacións boca a boca.


- Pinzar o nariz, selar a boca do paciente coa boca do socorrista e insuflarlle aire.
- Entre as insuflacións, retirarse e despinzar o nariz para que saia o aire.



- Diagnóstico de Paro Cardiorrespiratorio.
 - Tomar o pulso da vítima para determinar se ten paro cardiorrespiratorio.




- Realizar Compresións Torácicas Externas.
 - En caso de paro cardiorrespiratorio, deberá combinarse a insuflación de aire boca a boca con compresións torácicas externas.



Estando un só socorrista, as compresións/insuflacións realízanse coa seguinte frecuencia dependendo da idade da vítima:

ADULTOS (8 anos o máis)	NENOS (1 a 8 anos)	LACTANTES (0 a 1 ano)
15 Compresións x 2 Insuflacións	5 Compresións x 2 Insuflacións	5 Compresións x 1 Insuflación
4 Ciclos	10 Ciclos	10 Ciclos
2 Mans	1 Man	2 Dedos

Cada minuto, controlar respiración e o pulso tal como se indica nos puntos 4º e 6º. Sempre rematar o ciclo coas insuflacións.



Realizar a manobra de reanimación cardiopulmonar ata que:

- A vítima recupérese, en cuxo caso deberase controlar que non recae, ata que chegue axuda médica ou sexa trasladada a un hospital.
- A vítima recupere o pulso pero non a respiración, en cuxo caso se deberá realizar só manobras de respiración artificial tal como se define no paso 5º.
- O socorrista encóntrase esgotado ou imposibilitado para continuar coas manobras.
- Chegue axuda médica.

Recorde:

- Vostede é o primeiro elo da "cadea da vida".
- Se actúa protocolariamente do modo establecido, poderá salvar unha vida.



ACTUACIÓN NOUTROS RISCOS: Inundación, caída de helicópteros, colapso do edificio...

Ante calquera outro risco non identificado nos epígrafes anteriores procederase do seguinte xeito:

- Evacuarse a todas as persoas da zona afectada.
- Se é posible, illarase a zona.
- Dependendo do tipo de risco, procederase de calquera das seguintes maneiras:
 - En caso de inundación levarase as persoas ao punto máis alto. Se a inundación é por culpa da chuvia, permanecerase no centro, no piso superior. Se a inundación non é pola chuvia, sacarase ao persoal pola parte superior, logo sáese do edificio e dirixiranse ao exterior pola rampla de servizo cara o parque Luis Pasín.

En caso de caída de helicópteros ou avións ou por derrubamento do edificio, levarase as persoas o máis lonxe posible polo parque Luis Pasín. No caso da caída de helicópteros, procederase a afastar o máximo posible, a todo o persoal do lugar afectado pola caída, en previsión de posibles explosións e derrubas das instalacións.

10 Permisos e licenzas

Están recollidos na:

- RESOLUCIÓN do 24 de febreiro de 2016, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se ditan instrucións sobre o réxime de vacacións, permisos e licenzas. (DOG nº 44 do 04/03/16). *(De aplicación ao persoal laboral suxeito ao V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia).*
- RESOLUCIÓN do 7 de febreiro de 2017, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se modifica a Resolución do 24 de febreiro de 2016 pola que se ditan instrucións sobre o réxime de vacacións, permisos e licenzas. (DOG, 13/02/817).

Santiago de Compostela a 2 de outubro de 2025